

ACTA REUNIÓN COMISIÓN CONTROL PLANO PENSIONES UNIVERSIDADE DE VIGO

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Vicerreitor Economía

José María Martín Moreno

Xerenta

Raquel María Souto García

Vicexerente de Recursos Humanos

José González Groba

Profesor Dr. Titular de Universidade

Baltasar Manzano González

Xefa Sección Retribucións e Seguros Sociais

Marta Cogolludo Fernández

PARTÍCIPIES

María Montero Muñoz (desculpa asistencia)

Miguel González Loureiro

Pedro González Santamaría (non asiste)

Cándido Pérez Betanzos

Luis J. Olivares Requejo

Acta da reunión da Comisión de Control do Plano de Pensiones da Universidade de Vigo, celebrada ás 10:20 horas do día 11 de decembro de 2020, a través de campus remoto, coa asistencia das persoas que se citan ao marxe e de acordo coa seguinte

ORDE DO DÍA

1. Nomeamento dos nomeamentos dos membros da Comisión; declaración de non incompatibilidade; nomeamento de Presidente e Secretario na Comisión e dos representantes no fondo de pensiones; aceptación do cargo, constitución da comisión, relación de novos membros e novos cargos da comisión.
2. Nomear ao representante da Comisión de control do Plan na Comisión de control do Fondo de Pensiones ao que está adscrito.
3. Informe do Presidente da Comisión de Control do Plan de Pensiones.
4. Presentación da revisión financeiro actuarial dos exercicios 2017-2019 levada a cabo por Gesinca.
5. Requerimentos da normativa IORPII:
 - Actualización das especificacións do plan de pensiones.
 - Nomeamento ou delegación de funcións chave (iscos e Auditoría).
 - Adhesión á política de gobernanza, remuneración e conflitos de intereses.
6. Información macro, evolución do plan de fondo de pensiones. Perspectivas para 2021.
7. Información sobre contas e estado financeiro do fondo de pensiones (en

relación ao peche de ano no fondo)
e Evolución económico financeira
do plan de pensións durante 2019.

8. Rogos e preguntas.
9. Lectura e aprobación da acta.

Asisten tamén a esta reunión:

Por parte de ABANCA Vida y Pensiones Lucas López e Jesús de Juana, desculpa asitencia por parte de ABANCA Corporación Bancaria José Manuel Nogueira Durán.

1. Nomeamento dos novos membros da Comisión; declaración de non incompatibilidade; nomeamento de Presidente e Secretario na Comisión e dos representantes no fondo de pensións; aceptación do cargo, constitución da comisión, relación de novos membros e novos cargos da comisión.

O Presidente da Comisión pasa a ler o nome dos novos representantes na Comisión designados polo Reitor (ANEXO I), as declaracións xuradas de non incompatibilidade (ANEXO II) están presentadas salvo dúas que se solicitarán novamente.

2. Nomear ao representante da Comisión de control do Plan na Comisión de control do Fondo de Pensións ao que está adscrito.

Noméanse como representantes da Comisión de control do Plan na Comisión de control do Fondo de Pensións a Don José María Martín Moreno e a Cándido Pérez Betanzos.

3. Informe do Presidente da Comisión de Control do Plan de Pensións.
Non habendo nada salientable, o Presidente cede a palabra aos representantes de ABANCA.
4. Presentación da revisión financeiro actuarial dos exercicios 2017-2019 levada a cabo por Gesinca
Toma a palabra Jesús de Juana e nos indica que Gesinca está a rematar a elaboración do informe da revisión financiero actuarial e a Entidade Xestora informa que conta dispor do mesmo ao longo do mes de decembro. Trataranse as conclusións da mesma cando estea rematada e se celebre a vindeira comisión de control.
A Comisión de control solicita que, en canto estea preparado se remita ou anticipe á Comisión de control con independencia de cando se presenten as conclusións.
5. Requerimentos da normativa IORP II:
 - Actualización das especificacións do plan de pensións
 - Nomeamento ou delegación de funcións chave (Riscos e Auditoría)
 - Adhesión á política de gobernanza, remuneración e conflitos de intereses.

Continúa intervindo Jesús de Juana que nos explica a necesidade de acollerse á normativa IORPII (Institutions for occupational retirement provision). A Directiva

2016/2314 do Parlamento e Consejo Europeo, tamén conocida como Directiva IORPII, aborda a materia relativa ás actividades e a supervisión dos fondos de pensións de emprego, con unha diáfana finalidade de mellorar a transparencia e a seguridade de fondos de pensións.

Luis Olivares solicita que se nos indique en sentido práctico que lle supón esta adaptación a IORPII á Universidade e as consecuencias.

1. Adaptación a IORP:

1.1-Sistema de Goberno, Control Interno e Funcións Crave

A Entidade Xestora remite unha presentación resumo das diferentes políticas que esta normativa obriga en canto a súa aplicación ao nivel de ABANCA Vida y Pensiones. Estas políticas de Sistema de Goberno e Control Interno son a materialización das obrigas e controis xa exixidos por Solvencia II e cuxa aplicación afectou ao sistema financeiro nun primer momento, as entidades aseguradoras despois e, as entidades xestoras de fondos de pensións agora. ABANCA Vida y Pensiones, na súa calidade de entidade aseguradora xa ten implantadas estas políticas por mor da normativa da Lei de Ordenación, Supervisión e Solvencia de Entidades Aseguradas e Reaseguradoras cuxa vixencia comezou o pasado 1 de xaneiro de 2016. Estas políticas deben ser revisadas cada tres anos.

A Comisión de Control require á entidade xestora a elaboración dun informe onde reflexe esta implantación e adecuación á nova normativa.

Asemade, a transposición da Directiva IORP polo real decreto lexislativo 3/2020 veu a incorporar a necesidade de designar por parte das comisións de control, como máximos responsables, tres funcións clave que son as seguintes:

- Función Actuarial: Non aplicaríase ao plan de pensións da Universidade de Vigo nin a ningún outro plan de pensións do fondo de pensións ABANCA Empleo na medida en que vai dirixidas a colectivos de prestación definida soportados en pólizas de seguros que non inclúan a totalidade do colectivo de prestación definida.
- Función de Control de Riscos: Aplicaríase para a incorporación dun sistema axeitado de identificación, xestión e control de riscos por parte da entidade xestora e, no seu caso, á comisións de control do fondo de pensións. A entidade xestora nomeu para esta función á máxima responsable dentro da xestora que é Naila Ather (Directora de Riscos de ABANCA Vida y Pensiones. Ademais, infórmase no documento presentado a externalización de parte do Servizo de control de riscos en Mercer Consulting.
- Función de Auditoría Interna: Aplicaríase para a incorporación dun sistema de control e auditoría interna axeitado á natureza, tamaño e función da entidade xestora, e no seu caso, á comisión de control do fondo de pensións. A entidade xestora nomeu para esta función á máxima responsable dentro da xestora que é Dña. Miriam Díaz (Directora de Auditoría Interna de ABANCA Vida y Pensiones. Ademais, infórmase no documento presentado a externalización de parte do Servizo en Ernst&Young.

Dado que a redacción do texto legal non especifica se estas funcións corren de parte do plan ou do fondo de pensións, a entidade xestora propón unha dobre aceptación tanto a nivel plan como a nivel fondo para garantir o cumprimento da norma en toda a súa extensión.

1.2 Política de remuneración

En relación a este punto a entidade xestora informa igualmente a súa orixe na normativa de solvencia II e, dentro do contido do documento remitido á Comisión de Control indícase que o artigo 29.4 establece que as comisións de control de plans de pensións de emprego deberán establecer e aplicar unha política de remuneración adecuada respecto de quen preste os servizos actuariais e, no seu caso, a función clave actuarial, e doutros provedores de servizos externos cuxas actividades poidan incidir de forma significativa no perfil de risco dos plans e fondos de pensións.

A citada política de remuneración deberá ser acorde coa súa organización interna e o tamaño, a natureza, a escala e a complexidade das súas actividades.

A política será aplicable á contratación dos servizos recolleitos no artigo 29.4 da Lei de Regulación dos Plans e Fondos de Pensións, entre os que figuran:

- A función actuarial, definida no Artigo 30 quater. da Lei de Regulación dos Plans e Fondos de Pensións.
- Actuario ordinario ou responsable de servizos actuariais necesarios para o funcionamento dos Plans de Pensións.
- Actuario independente ou responsable da revisión financeira e actuarial.
- A contratación de servizos externos que poidan alterar o perfil de risco dos Plans e/ou Fondo de Pensións.

Na práctica, esta política de remuneración ao nivel da comisión de control limitarase á selección do actuario independente que deba elaborar a revisión financeiro actuarial. Esta política será revisada cada tres anos.

Dado que non tivo o tempo suficiente esta comisión de control de revisar estes puntos e o contido dos mesmos na presentación facilitada pola entidade xestora, emplázaseá elaboración do informe mencionado anteriormente así como a unha nova reunión que poida abordar estas cuestións.

1.3 Modificación do Regulamento de Plan de Pensións

Por último, a nova normativa obriga á actualización do actual regulamento do plan de pensións.

Determinados puntos recolleitos pola nova normativa quedaron pendentes de desenvolvemento regulamentario, entre eles, os que se implementan co fin de reforzar a transparencia da información aos potenciais partícipes, partícipes e beneficiarios, concretándose polo Real Decreto 738/2020, do 4 de agosto, polo que se modifican o Real Decreto 304/2004, do 20 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de Plans e Fondos de Pensións, e o Real Decreto 1060/2015 do 20 de novembro, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades aseguradoras e Reaseguradoras.

En xeral, as novas obrigacións de información a potenciais partícipes, partícipes e beneficiarios serán efectivas a partir do próximo mes de febreiro de 2021.

Con todo, co fin de adecuar o Regulamento do Plan de Pensión ás novas obrigacións de información que impón a Normativa de Plans e Fondos de Pensións, así como co fin de actualizar determinados contidos que se quedaron obsoletos propónse á Comisión de Control a modificación de determinados artigos do Regulamento.

En relación a este punto, a entidade xestora comentou en grandes liñas os cambios destacando a cláusula de protección de datos para que a Comisión de Control poidera comprobar o seu contido en especial á parte informada de consulta de ficheiros de solvencia en relación ao promotor (a Universidade de Vigo) e a posibilidade de emisión de publicidade de cara o colectivo de partícipes da Universidade.

A Comisión de control solicita eliminar este contidos do regulamento e empra a entidade xestora remitir un documento actualizado e máis un pequeno resumo dos artigos afectados nesta nova actualización. A entidade xestora prepara ambos os dous documentos para revisión da Comisión de Control.

Por último, infórmase á Comisión de Control do Plan de Pensións que se está traballando nunha carpeta dixital segura de documentación, tipo "OwnCloud", no que proximamente estará dispoñible en formato dixital a información determinada pola nova Normativa.

6. Información macro, evolución do plan de fondo de pensións. Perspectivas para 2021.
7. Información sobre contas e estado financeiro del fondo de pensións" (en relación ao peche de ano no fondo) e "Evolución económico financeira do plan de pensións durante 2019.

Faise unha presentación conxunta dos puntos 6 e 7 da reunión.

D. Jesús De Juana pasa a explicar a situación dos mercados e como afectan á evolución dos investimentos de fondo de pensións ao que se adscribe o plan de pensións, ABANCA Emprego, e a rendibilidade que está a obter o plan de pensións a distintos períodos así como a súa comparativa co aumento do IPC nos últimos 10 anos.

A tendencia da rendibilidade obtida ata o momento deriva da actual situación da renda fixa pública, onde os bonos nacionais están en mínimos históricos (o que limita a obtención de rendementos) e a renda variable, salvo no mes de novembro onde se produciu unha subida enérxica polas novas do desenrolo e efectividade das vacunas de Pfizer e Moderna), arrastra perdas moi importantes dende o inicio da pandemia.

Espérase a recuperación do valor liquidativo do plan ao longo do ano que ven se as perspectivas de vacinación, recuperación da economía e o reparto dos fondos europeos, son cumpridas.

O comportamento do plan de pensións, en relación ao IPC está a ser máis que destacable nos últimos 10 anos o que permite aos partícipes da Universidade mellorar o valor dos seus aforros por riba do custo da vida.

8. Rogos e preguntas.

Non hai rogos e preguntas.

Acórdase celebrar unha reunión en xaneiro de 2021 para poder completar os temas pendentes:

- Informe da revisión financeiro-actuarial
- Actualización do regulamento de plan de pensións
- Decisión relativa á emisión de publicidade para o colectivo de partícipes da Universidade

9. Lectura e aprobación da acta.

A acta será aprobada na seguinte reunión.

E sen máis asuntos que tratar, dáse por concluída esta reunión ás 11.20 horas, do que como secretaria dou fe.

Vº e praxe

A secretaria

Jose María Martín Moreno

Marta Cogolludo Fernández